Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). Todos os estudantes matriculados na materia tiñen dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo).

Aqueles alumnos/as que non poidan acoller-se á avaliación contínua, deberán comunicarlo ao profesor no inicio do curso, debidamente xustificado. Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- ARGAN, Giulio Carlo, **Renacimiento y Barroco. II. De Miguel Ángel a Tiepolo**, 1ª ed, Akal/Arte y Estética, 1987
- BENEVOLO, Leonardo, **Historia de la Arquitectura del Renacimiento: la arquitectura clásica (del siglo XV al siglo XVIII)**, 3ª ed., Gustavo Gili, 1988
- BOUCHER, Bruce, **La escultura barroca en Italia**, 1ª ed., Destino, 1999
- CASTRIA MARCHETI, Francesca, **El Barroco 1600-1700: el arte europeo de Caravaggio a Tiepolo**, 1ª ed., Electa, 2005
- WITTKOWER, Rudolf, **Arte y Arquitectura en Italia. 1600-1750**, 5ª ed., Cátedra, 1988
- PANOFKY, Erwin, **Renacimiento y Renacimientos en el arte occidental**, 3ª ed., Alianza, 1981
- PANOFKY, Erwin, **Estudios sobre iconología**, 4ª ed., Alianza, 1980
- WITTKOWER, Rudolf, **Los fundamentos de la arquitectura en la edad del Humanismo**, 1ª ed., Alianza, 1995
- WÖLFFLIN, Heinrich, **Renacimiento y Barroco**, 2ª ed., Paidós, 1991

Bibliografía Complementaria

BLUNT, Anthony, **Teoría de las artes en Italia, 1450-1600**, 10 ed., Cátedra, 2007

BURCKHARDT, Jacob, **La cultura del Renacimiento en Italia**, 2ª ed., Akal/Arte y Estética, 2004

BURKE, Peter, **El Renacimiento italiano: cultura y sociedad en Italia**, 1ª ed., Alianza, 1993

PACCIOAROTTI, Giuseppe, **La pintura barroca en Italia**, 1ª ed., Itsmo, 2000

Recomendacións

Outros comentarios

A causa da ensinanza e avaliación continúa, recoméndase que a ficha de identificación do estudante se entregue, debidamente cumprimentada cos seus datos persoais e correo electrónico na primeira semán do curso.

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos[]) manteranse mediante a utilización combinada de Moovi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de Moovi (foros, corrección comentada de tarefas[]) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de Moovi. Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en Moovi.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en Moovi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a

través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia medieval da Península Ibérica**

Materia	Historia medieval da Península Ibérica			
Código	002G251V01503			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Correo-e	fjperez@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento, comprensión e aceptación dos caracteres específicos, principais acontecementos e transformacións da sociedade da península Ibérica durante a Idade Media, prestando especial atención á súa realidade multicultural e ao ter sido o berce da realidade política actual			

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
CG5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
CE13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
CE16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
CE19	Coñecemento da historia nacional propia
CT8	Compromiso ético e responsabilidade social
CT9	Traballo en equipo en diversos contextos
CT10	Atención á diversidade e multiculturalidade.
CT11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Sensibilidade a temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica	CG3 CE16 CT11 CE19
Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada.	CG3 CE16 CT11 CE19
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	CB2 CG5 CE13 CT14
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	CB4 CG5 CE13 CT9 CT14
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	CB2 CG5 CE13 CT8 CE19 CT10 CT15
Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional	CB2 CE13

Contidos

Tema	
1.- Alta Idade Media (ss. V-X)	1.1.- Introducción á Idade Media peninsular 1.2.- Os reinos xermánicos da península Ibérica 1.3.- O predominio e esplendor de Al Andalus 1.4.- Os núcleos cristiáns do norte da Península

2.- Plena Idade Media (ss. XI-XIII)	2.1.- Da superioridade islámica á cristiá 2.2.- O equilibrio dos reinos cristiáns 2.3.- A plenitude da sociedade cristiá peninsular 2.4.- A difícil convivencia das tres culturas
3.- Baixa Idade Media (ss. XIV-XV)	3.1.- A institucionalización das monarquías 3.2.- Crise e recuperación da Europa occidental

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	5	27
Eventos científicos	2	2	4
Traballo tutelado	15	40	55
Seminario	3	9	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22
Traballo	1	10	11
Observación sistemática	2	4	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión orientada a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesor e presentación das liñas básicas para o desenvolvemento das actividades relacionadas coa mesma
Eventos científicos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Traballo tutelado	Elaboración e presentación de traballos feitos polo alumnado de forma individual ou en grupo
Seminario	Seguemento e aclaración de dúbidas sobre os contidos da materia así como supervisión do traballo autónomo do alumnado en relación coa mesma

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguemento e atención individualizada do alumnado na aula, no despacho, na plataforma Moodle, na aula Campus Remoto ou mediante o correo electrónico, coa intención de resolver os problemas e dúbidas que poidan xurdir no estudo e comprensión dos contidos da materia, preparación de traballos, resolucións de problemas, probas de avaliación, etc.
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas da avaliación. O seguemento farase a mediante os seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo). Docencia presencial: seguemento na aula e seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: aula Campus Remoto (enlace en MooVi, UVigo).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación mediante unha proba ao rematar as sesións teóricas con preguntas abertas a desenvolver sobre temas ou cuestións da materia. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos conceptos principais da Historia de Península Ibérica. Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada.	40	CE16 CE19
Traballo	Avaliaranse os coñecementos teóricos adquiridos polo alumnado na realización e estruturación do traballo así como a súa capacidade de exposición. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica. Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional.	30	CB2 CB4 CE13 CT9 CT14

Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado mediante a realización e presentación de tarefas propostas na plataforma moodle. Con elo dará conta dos seguintes resultados da aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	10	CE19 CT11
Resolución de problemas e/ou exercicios	Presencia e entrega dos materiais e tarefas elaborados nas sesións prácticas. Con elo, o alumnado dará conta dos seguintes resultados da aprendizaxe: Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada. Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	20	CG3 CE19 CT8 CG5 CT10 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (DLE-RAE).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Todo o alumnado matriculado na materia ten dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). O alumnado que non poida acollerse á avaliación continúa examinarase de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico ou bibliográfico relacionado coa materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado nada do exame final.

Dito exame constará dunha proba de resposta curta e un comentario de texto. A nota final repartirase entre as tres probas do xeito seguinte: proba de resposta curta: 50%; comentario de texto: 20%; traballo: 30%.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Loring, M.I.; Pérez, D. e Fuentes, P., **La Hispania tardorromana y visigoda. Siglos V-VIII [Historia de España 3er Milenio, nº 4]**, Síntesis, 2008

Salvatierra, V. e Canto, A., **Al-Ándalus. De la invasión al califato de Córdoba [Historia de España 3er Milenio, nº 5]**, Síntesis, 2008

Álvarez Borge, I., **La Plena Edad Media. Siglos XII-XIII [Historia de España 3er Milenio, nº 8]**, Síntesis, 2003

Guinot Rodríguez, E., **La Baja Edad Media en los siglos XIV y XV. Economía y Sociedad [Historia de España 3er Milenio, nº 9]**, Síntesis, 2003

Monsalvo Antón, J.M., **La Baja Edad Media en los siglos XIV y XV. Política y Cultura [Historia de España 3er Milenio, nº 10]**, Síntesis, 2005

Monsalvo Antón, J. M., **Atlas Histórico de la España medieval**, Síntesis, 2010

Bibliografía Complementaria

Álvarez Palenzuela, V.A. (dir.), **Historia de España de la Edad Media**, Ariel, 2002

Historia de España, 7. Época medieval. La dinámica política, Istmo, 2005

Historia de España, 8. Época medieval. Administración y gobierno, Istmo, 2003

Historia de España, 9. Época medieval. Economía y sociedad, Istmo, 2004

Historia de España, 10. Época medieval. Iglesia y cultura, Istmo, 2002

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia moderna de España/O02G251V01603

Historia medieval de Galicia/O02G251V01907

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle (<http://moovi.uvigo.es>) documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as Administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos...) manteranse mediante a utilización combinada de Moovi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de Moovi (foros, corrección comentada de tarefas...) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de Moovi.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en Moovi.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en Moovi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Prehistoria da Península Ibérica**

Materia	Prehistoria da Península Ibérica			
Código	002G251V01504			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Comendador Rey, Beatriz Pilar			
Profesorado	Comendador Rey, Beatriz Pilar Mouriño Schick, Andrea			
Correo-e	beacomendador@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/my/			
Descrición xeral	A materia Prehistoria da Península Ibérica impártese no 3º ano do Grao en Xeografía e Historia, dentro do bloque Historia de España. O seu papel básico é iniciar ao alumno nos desenvolvementos xerais da prehistoria peninsular atendendo con especial atención ás fontes arqueolóxicas empregadas para o seu estudo.			

Competencias

Código	
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
CG5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
CE13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
CE16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
CE19	Coñecemento da historia nacional propia
CE23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
CT2	Aplicación dos coñecementos
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT7	Capacidade de razoamento crítico
CT10	Atención á diversidade e multiculturalidade.
CT15	Sensibilidade a temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica				CE16 CE19
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica	CB4			CT4 CT7
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna	CB3	CG5	CE13	CT10 CT15
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	CB5	CG3	CE23	CT2 CT4 CT7

Contidos

Tema	
I. O nacemento da Prehistoria e o proceso de hominización da P. Ibérica.	Tema 1.- O Nacemento da Prehistoria peninsular. Tema 2.- O Cuaternario. Tema 3.- A hominización da P. Ibérica. Tema 4.- Do Homo Neandertal ao Homo Sapiens.

II. As bases económicas e de subsistencia.	Tema 1.- Economía cazadora-recolectora e economía produtora. Tema 2.- Modelos de ocupación e asentamento. Tema 3.- Tecnoloxías Prehistóricas. Tema 4.- O intercambio e o desenvolvemento dos circuitos comerciais.
III. As sociedades e as formas simbólicas.	Tema 1.- Arte Prehistórico. Tema 2.- A morte. Tema 3.- A orixe da desigualdade social.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	23	32	55
Seminario	7	10	17
Traballo tutelado	0	25	25
Resolución de problemas	0	8	8
Eventos científicos	2	0	2
Saídas de estudo	6	3	9
Exame de preguntas obxectivas	1	5	6
Traballo	5	8	13
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	5	9
Observación sistemática	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira colaborativa, en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Eventos científicos	Conferencias, faladoiros, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Saídas de estudo	Actividades de aplicación, contraste e observación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Seguimento individualizado dos materiais xerados coas anotacións da profesora. O seguimento individualizado do alumnado será feito a partir das ferramentas propias da plataforma Moovi e/ou medios telemáticos.
Traballo tutelado	Seguimento individualizado dos materiais xerados coas anotacións da profesora. O seguimento individualizado do alumnado será feito a partir das ferramentas propias da plataforma Moovi e/ou medios telemáticos. s.
Resolución de problemas	Seguimento individualizado dos materiais xerados coas anotacións da profesora. O seguimento individualizado do alumnado será feito a partir das ferramentas propias da plataforma Moovi e/ou medios telemáticos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas obxectivas	Os coñecementos adquiridos serán avaliados mediante un proba de preguntas obxectivas. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica	40	CE16 CE19

Traballo	Realizárase un traballo colaborativo con diversas actividades que finalizan na entrega dun documento e que deberá ser exposto. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica. Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	30	CB3 CB4	CG5	CE13	CT4 CT7 CT10 CT15
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado deberá solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesora. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica	20	CB4			CT4 CT7
Observación sistemática	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a participación activa do alumnado. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	10	CB5	CG3	CE23	CT2 CT4 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que se acolla á modalidade semipresencial poderá seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto ao calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras as que permitan acceder ao mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). Todos os estudantes matriculados na materia deben cumprir o seu compromiso de honestidade académica e respectar os dereitos de autor/a tanto á hora de empregar os materiais postos á súa disposición a través de Moovi, como en calquera tarefa, proba ou exame. Calquera indicio de plaxio será cualificado cun cero, entendendo por iso cando se copien no substancial obras alleas, o que inclúe todo tipo de material ou recurso suxeito a propiedade intelectual, desde ideas e imaxes ata softwares ou vídeos, entre outros, sen citarse debidamente dándooas como propias. O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Ao mesmo tempo, deberá acudir ás probas que o/a docente dispoña como imprescindibles.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cardoso, J.L., **Pré-História de Portugal**, Universidade Aberta, 2007

Cruz Berrocal, C., García Sanjuán, L. y Gilman Guillén, A. (coords.), **The Prehistory of Iberia. Debating Early Social Stratification and the State**, Routledge, 2013

Fernández, V., **Prehistoria. El largo camino de la humanidad**, Alianza Editorial, 2007

Menéndez, M., **Prehistoria de la Península Ibérica : el progreso de la cognición, el mestizaje y las desigualdades durante más de un millón de años**, Alianza Editorial, 2019

Vega, G., Bernabeu, J., Chapa, T., **La Prehistoria. Historia de España. Tercer Milenio**, Síntesis, 2003

Bibliografía Complementaria

Alcina, J. (Coord.), **Diccionario de Arqueología**, Alianza Editorial, 1998

Arias, F., Romero, A. M^a, **Diccionario de Termos de Arqueoloxía e Prehistoria**, Ir indo, 1995

Arzuaga, J.L., **Atapuerca y la evolución humana**, Fundación Caixa Catalunya, 2004

Barandiarán, L., Martí, B., del Rincón, M. A., Maya, J. L., **Prehistoria de la Península Ibérica.**, Ariel, 2005

Bernabeu, J., Aura, J., Badal, E., **Al Oeste del Edén. Las primeras sociedades agrícolas en la Europa mediterránea**, Síntesis, 1993

Bicho, N., Carvalho, A.F., **Manual de Arqueología Pré-Histórica**, Centro de Estudos de Património. Departamento de Hi, 2006

Bueno, P., Balbín R., **Actas II Congreso de Arqueología Peninsular**, Fundación Rei Afonso Henriques, 1997

Buxó, R., **Arqueología de las plantas: la explotación económica de las semillas y los frutos en el marco mediterráneo de la Península Ibérica**, Crítica, 1997

Buxó, R., **Arqueobotánica: Los usos de las plantas en la Península Ibérica**, Ariel, 2008

Cardoso, J.L., **Pré-Historia de Portugal**, Verbo, 2002

Castro, P. V., González, R., Lull, V., Mico, R., **Cronología de la Prehistoria Reciente de la Península Ibérica y Baleares (c. 2800-900 cal. ANE)**, BAR-IS, 652, 1996

Chapman, R., **La formación de las sociedades complejas. El sureste de la península ibérica en el marco del Mediterráneo occidental**, Crítica, 1991

Cintas Peña, M., **La desigualdad de género en la prehistoria ibérica : una aproximación multi-variable**, BAR, 2020, 2020

- Díaz-Andreu, M., **Historia de la Arqueología en España**, Ediciones Clásicas, 2002
- Díaz-Andreu, M., Mora, G. y Cortadella i Morral, J., **Diccionario histórico de la Arqueología en España (siglos XV-XX)**, Marcial Pons, 2009
- Eiroa, J., Bachiller, A., Castro, L., Lomba, J., **Nociones de tecnología y tipología en Prehistoria**, Ariel, 1999
- Fernández-Miranda, M., **Los orígenes de la civilización. El Calcolítico en el Viejo Mundo**, Síntesis, 1993
- Fernández, E., González, A., Rivero, O., **Prehistoria de la península ibérica**, USAL, 2020
- Fullola, J. M., Petit, M. A., **La puerta del pasado**, Martínez Roca. S.A., 1998
- Gracia Alonso, F. (coord.), **De Iberia a Hispania**, Ariel, 2008
- Hernando, A., **Los primeros agricultores de la Península Ibérica**, Síntesis, 1999
- Jorge, S., **Domesticar a terra. As primeiras comunidades agrárias em território português**, Gradiva, 1999
- Lull, V., **La "cultura" de El Argar. Un modelo para el estudio de las formaciones económico-sociales prehistóricas**, Akal, 1993
- Menéndez, M., Jimeno, A. Fernández, V., **Diccionario de Prehistoria**, Alianza Editorial, 1997
- Moure, A., González Morales, M. R., **La expansión de los Cazadores. Paleolítico Superior y Mesolítico en el Viejo Mundo**, Síntesis, 1992
- Moure Romanillo, A., Santos Yanguas, J., **Historia de España. Prehistoria. Del primer hombre a las colonizaciones mediterráneas (hasta el siglo III a. C.). vol. I.**, Espasa Calpe, 2004
- Ruiz-Gálvez Priego, M. (coord.), **La Edad del Bronce. ¿Primera Edad de Oro de España? Sociedad, economía e ideología**, Crítica, 2001
- VV.AA., **Territórios da Pré-História em Portugal**, Arkeos-Perspectivas em Diálogo 19. CEIPHAR, 2006

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Recoméndase que o alumnado coñeza as ferramentas dixitais básicas (procesado de textos, realización de presentacións, bases de datos, etc).

Plan de Contingencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos) manteranse mediante a utilización combinada de Moovi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de Moovi (foros, corrección comentada de tarefas) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes da avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das actividades, ferramentas e recursos de Moovi

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en Moovi.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en Moovi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe**

Materia	Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe			
Código	O02G251V01505			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Díaz Fernández, José Antonio			
Profesorado	Díaz Fernández, José Antonio			
Correo-e	tonydiaz@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia adicada ao estudo dos sistemas territoriais e as súas paisaxes dende unha perspectiva aplicada do coñecemento xeográfico. Céntrase no diagnóstico e análise do territorio e da paisaxe dende unha perspectiva holista, tendo en conta os criterios de valor e a problemática da súa ordenación/xestión no ámbito da sociedade.			

Competencias

Código	
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
CG6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
CE5	Integración das dimensións espacial e temporal na explicación dos procesos territoriais
CE6	Coñecemento e aplicación dos principais métodos e técnicas de investigación xeográfica
CE7	Uso correcto da información xeográfica como instrumento de interpretación dos sistemas territoriais
CE9	Capacidade de análise e interpretación das paisaxes
CE11	Coñecemento e desenvolvemento de habilidades no ámbito da ordenación e planificación territorial
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Aplicación dos coñecementos
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
CT7	Capacidade de razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Sensibilidade a temas ambientais.
CT16	Coñecemento doutras culturas

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecemento aplicado da Xeografía no marco da metodoloxía científica: formulación de hipóteses, selección de información e técnicas	CB3	CG3	CE3 CE5 CE6	CT1 CT4 CT7
Razoamento crítico e argumentación adecuada [oral ou escrita- sobre os fenómenos xeográficos analizados, as súas variables e relacións	CB3	CG3	CE5 CE9	CT1 CT2 CT4 CT7 CT16
Capacidade de interpretación das paisaxes terrestres desde unha perspectiva xeográfica, identificando a intervención humana e as categorías de risco.	CB3	CG3	CE6 CE9	CT1 CT2 CT4 CT5 CT15

Habilidade en realización de exercicios prácticos, con aplicación de técnicas xeográficas cualitativas ou cuantitativas, sobre procesos e dinámica do territorio.	CB5	CG3	CE7	CT4
		CG6	CE11	CT5
				CT14
Destreza na organización e xestión de traballos e/ou proxectos no contexto ambiental e sociocultural, valorando a innovación en ordenación do territorio	CB4	CG6	CE7	CT2
			CE11	CT4
				CT5
				CT7
				CT14

Contidos

Tema	
1. 1. A XEOGRAFÍA APLICADA: FUNDAMENTOS PROGRAMÁTICOS.	<p>1.1. Aproximación aos conceptos básicos da Xeografía Aplicada.</p> <p>1.2. Os campos da Xeografía Aplicada.</p> <p>1.3. A Xeografía: a ciencia do estudo integral do territorio.</p> <p>1.4. A Análise de Recoñecemento Territorial: A xeomorfoloxía, a climatoloxía, os procesos transformadores, o usos do solo.</p> <p>1.5. O manexo das ferramentas TICs para o estudo do territorio e da paisaxe.</p>
2. O TERRITORIO: ORDENACIÓN E PLANIFICACIÓN NO EIDO DO ORDENAMENTO ESPAÑOL E COMUNITARIO.	<p>2.1. A Ordenación do territorio na doutrina xeográfica.</p> <p>2.2. A Ordenación do Territorio na política territorial anglosaxona e no eido da experiencia dos países da U.E.</p> <p>2.3. A Carta Europea de Ordenación do Territorio; Fundamentos e contidos.</p> <p>2.4. A Ordenación do territorio en España: As directrices de Ordenación do Territorio (DOT).</p> <p>2.5. A Experiencia comparada da Ordenación do Territorio nas CC.AA españolas. A Lei 10/1995 de 23 de Novembro de Ordenación do Territorio de Galicia. Fundamentos e aportacións. A Lei 1/2021 de 8 de Xaneiro de Ordenación do Territorio de Galicia. Aportacións</p>
3. A PAISAXE: O SEU ORDENAMENTO NO ÁMBITO COMPETENCIAL ESPAÑOL E COMUNITARIO.	<p>3.1. A Xeografía: A ciencia da paisaxe.</p> <p>3.2. A Experiencia da ordenación da paisaxe nas CC.AA españolas. A Paisaxe no ordenamento xurídico das CC.AA: unha análise comparada. O ordenamento de Galicia da paisaxe. A lei 7/2008, da paisaxe de Galicia. Fundamentos e aportacións. A Ley 22/1988, de 28 de Xullo de Costas. As aportacións á ordenación dos espazos litorais. Os impactos medioambientais e os seus efectos na paisaxe.</p> <p>3.3. A Paisaxe no ordenamento xurídico comunitario. O Convenio Europeo da Paisaxe. A Estratexia Europea da Paisaxe: fundamentos e aportacións.</p> <p>3.4. A Lei 6/2007 de Medidas Urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. Bases. Aportacións e fundamentos.</p> <p>3.5. As aportacións do Plan de Ordenación dos Espazos Litorais de Galicia á ordenación do territorio.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	7	9	16
Eventos científicos	6	6	12
Saídas de estudo	10	5	15
Traballo tutelado	9	9	18
Prácticas con apoio das TIC	0	15	15
Estudo de casos	6	6	12
Seminario	3	2	5
Traballo	4	16	20
Exame de preguntas obxectivas	3	20	23
Observación sistemática	0	9	9
Estudo de casos	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades para detectar coñecementos previos, intereses e motivacións do alumnado. Presentación dos obxectivos, contidos, metodoloxía e desenvolvemento da materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Eventos científicos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates, etc., realizados por poñentes de prestixio, que permitan profundizar ou complementar os contidos da materia.
Saídas de estudo	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo (visitas a centros de investigación, empresas, institucións, etc., prácticas de campo) de interese académico-profesional para o alumno.
Traballo tutelado	Elaboración dun documento (pequena investigación), de maneira individual ou en grupo, preparando a súa presentación e defensa.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos e situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de maneira autónoma.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na revisión dos exercicios, probas e traballos; na resolución de dúbidas e toma de acordos para calquer aspecto da dinámica da materia. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle. Docencia semipresencial: Aula Campus Remoto (enlace Moovi). Docencia presencial: na aula.
Saídas de estudo	A atención personalizada consistirá no acompañamento e motivación activa na actividade, o desenvolvemento da capacidade de atención/observación participativa e o apoio para o uso de técnicas ou instrumentos específicos. Alumnado presencial: in situ. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).
Actividades introductorias	A atención personalizada consistirá na orientación do nivel de aprendizaxe requirido, a introducción os materiais, a resolución de dúbidas e a explicación da dinámica do desenvolvemento da materia. Docencia presencial: na aula. Docencia semipresencial: aula Campus Remoto (enlace Moovi). Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo	Presentación e defensa polo alumnado dos resultados obtidos (pequena investigación) sobre a temática da materia. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Destreza na organización e xestión de traballos e/ou proxectos no contexto ambiental e sociocultural, valorando a innovación en ordenación do territorio. Capacidade de interpretación das paisaxes terrestres desde unha perspectiva xeográfica, identificando a intervención humana e as categorías de risco. Habilidade de realización de exercicios prácticos, con aplicación de técnicas xeográficas cualitativas ou cuantitativas, sobre procesos e dinámica do territorio.	40	CG3 CE7 CT2 CG6 CE11 CT4 CT5 CT7 CT14 CT15
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento programático e o dominio temático nas que se inclúen preguntas abertas de desenvolvemento, así como tamén cuestións de respostas curtas. Os alumnos deberán desenvolver as cuestións temáticas requiridas conforme ao programa impartido e á documentación facilitada para cada tema e subida á plataforma MOOVI. Os resultados da aprendizaxe a avaliar son: O coñecemento aplicado da Xeografía no marco da metodoloxía científica. O razoamento crítico e a argumentación adecuada -oral ou escrita- sobre os fenómenos xeográficos analizados, as súas variables e relacións.	50	CG3 CE5 CT1 CE6 CT2 CE9 CT4 CT5 CT7 CT16
Observación sistemática	Participación activa do alumnado nas sesións e actividades propostas polo docente, tendo en conta a avaliación continua do traballo autónomo na aula, no campo e na plataforma de teledocencia. Os resultados da aprendizaxe a avaliar serán: O coñecemento aplicado da Xeografía no marco da metodoloxía científica: formulación de hipóteses, selección de información e técnicas. O razoamento crítico e a argumentación adecuada -oral ou escrita- sobre os fenómenos xeográficos analizados, as súas variables e relacións.	10	CB3 CB4 CB5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que se acolla á modalidade semipresencial poderá seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumnado a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Asimesmo, deberá acudir ás probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). O alumnado que non poida acollerse á avaliación continua será avaliado da totalidade dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta. O devandito traballo deberá estar asignado, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial e entregarse coincidindo coa data de realización do mesmo en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 64.g), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como na parte práctica.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bolos, M. (dir.), **Manual de ciencia del paisaje**, 1, Masson, 1992

MAGRAMA, **Plataforma Custodia del Territorio**, 2015

Xunta de Galicia, **Catálogo das Paisaxes de Galicia**, 2016

Gómez Orea, D. (dir.), **Ordenación del territorio**, 1, Editorial Agrícola Española, 1994

Panel Expertos, **Observatorio para una cultura del territorio**, 2014

Philipponneau, M., **Geografía aplicada**, 2, Ariel Geografía, 2001

Pillet, F. (coord.), **Territorio, paisaje y sostenibilidad**, 1, La Estrella Polar, 2010

Roger, A., **Breve tratado del paisaje**, 1, Biblioteca Nueva, 2007

Bibliografía Complementaria

Luis Galiana Martín y Julio Vinuesa Angulo, **Teoría y Práctica para una Ordenación del Territorio**, Editorial Síntesis, 2010

BENABENT FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, M., **Ordenación del Territorio en España: evolución del concepto y de su práctica en el siglo XX.**, b, Consejería de Obras Públicas. Junta de Andalucía, 2006

BIELZA DE ORY, V., **Introducción a la ordenación del territorio: un enfoque geográfico.**, Universidad de Zaragoza, 2008

BUSQUETS, J. Y CORTINA, A. Cord, **Gestión del paisaje: manual de protección, gestión y ordenación del paisaje**, Editorial Ariel, 2009

MARTÍNEZ DE ANGUIA, P.; GARCÍA ABRIL, A.; ROMERO CALCERRADA, R.; MARTÍN, M.A.; PEDROCHE CARMONA, B., **Ordenación del Territorio y Medio Ambiente.**, Editorial Universidad Juan Carlos I, 2005

GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ SANTIAGO, **Urbanismo y ordenación del territorio**, Editorial Aranzadi, 2009

Juan Romero González y Joaquín Farinós Dasí, **Ordenación del Territorio y Desarrollo Territorial**, Editorial Trea, 2004

Mata, R. y TORROJA, A., **El paisaje y la gestión del Territorio. Criterios paisajísticos en la ordenación del territorio y el urbanismo**, Diputación de Barcelona, 2006

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xeografía: Fundamentos de xeografía física/O02G251V01101

Outros comentarios

Esta guía describe as liñas xerais de actuación na materia e concíbese de forma flexible. Pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do grupo ou polas situación que poidan xurdir.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o

profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos...) manteranse mediante a utilización combinada de Moovi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de Moovi (foros, corrección comentada de tarefas...) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes da avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de Moovi.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en Moovi.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en Moovi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia contemporánea de España**

Materia	Historia contemporánea de España			
Código	002G251V01601			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Prada Rodríguez, Julio			
Profesorado	Prada Rodríguez, Julio			
Correo-e	jprada@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Coñecemento dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da Historia contemporánea española.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
CE12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
CE13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
CE16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
CE19	Coñecemento da historia nacional propia
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT9	Traballo en equipo en diversos contextos
CT11	Capacidade de aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Coñecemento dos conceptos principais da Historia de Península Ibérica			CE16 CE19
Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comprada	CB1		CE16 CE19
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado			CE12
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna			CE13
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica	CB4	CG3	CT4 CT9 CT11
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.		CG3	

Contidos

Tema	
1. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME E A IMPLANTACIÓN DO ESTADO LIBERAL	1.1. A Guerra da Independencia, as Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812. 1.2. Revolución e reacción: a volta do absolutismo, o Trienio Liberal e a década ominosa. 1.3. A Era Isabelina. 1.4. O Sexenio Democrático. 1.5. A Restauración Borbónica. 1.6. As transformacións económicas e sociais.

2. A CRISE DO ESTADO LIBERAL, DITADURA, REPÚBLICA E GUERRA CIVIL

2.1. A crise da Restauración.
2.2. A Ditadura de Primo de Rivera.
2.3. A Segunda República.
2.4. A guerra civil.

3. FRANQUISMO E TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA. A ESPAÑA ACTUAL

3.1. A consolidación do réxime franquista.
3.2. O segundo franquismo.
3.3. A transición a democracia e os gobernos de Felipe González.
3.4. A España actual.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	55	77
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	8	14	22
Traballo tutelado	5	30	35
Resolución de problemas de forma autónoma	2	1	3
Resolución de problemas	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Explicación dos contidos máis relevantes da materia por parte do profesor.
Eventos científicos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Seminario	Actividade enfocada ao traballo individual ou en grupo sobre un tema específico a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras.
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea ou á realización de traballos monográficos, individuais ou colectivos baseados en bibliografía específica. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de forma autónoma de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos, análise e interpretación de materiais gráficos, etc.
Resolución de problemas	Sesións orientadas á formulación de cuestións relacionadas coa materia nas que o alumnado, baixo a supervisión do profesorado e co seu seguimento e orientación, debe desenvolver as solucións axeitadas para a resolución do problema ou exercicio presentado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá no seguimento individualizado das actividades orientadas á elaboración dos traballos prácticos realizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (MooVi), Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace MooVi).
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá no seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación de actividades, probas de avaliación e realización dos traballos en grupo. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (MooVi, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace MooVi).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	10		CE12
Traballo tutelado	Presentación, defensa e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a bibliografía e o seu uso correcto e a presentación e exposición formal do mesmo. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica ou no traballo con fontes históricas e análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas:	15	CB4 CG3	CT4 CT9 CT11
Resolución de problemas de forma autónoma	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos sinalados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	5		CE13
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame escrito. Valoraranse os coñecementos teóricos da disciplina, a estruturación lóxica das ideas, a conciencia evolutiva dos distintos procesos históricos, a claridade expositiva, o espírito crítico, a madureza do estilo literario (sintaxe, léxico, ortografía, etc.) e a coherencia expositiva. Todo elo mediante probas de avaliación que poderán incluír preguntas ou temas de resposta longa ou de desenvolvemento, comentarios e composicións de texto histórico, incluíndo o comentario de gráficas, imaxes, textos escritos, etc., e cuestións de resposta breve orientadas a determinar a adquisición dos conceptos básicos da materia polo alumnado. Para superar a materia será preciso acadar unha cualificación mínima de 3 puntos dun máximo de 6. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada e coñecemento dos conceptos principais da Historia de Península Ibérica.	60	CB1	CE16 CE19
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado e da súa participación activa a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia, en particular a través do foro habilitado. Para o seu control é imprescindible a entrega dunha ficha por parte do alumnado antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas.	10	CB4	CE12

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que se acolla á modalidade semipresencial poderá seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumnado a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). O/a estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). O alumnado que non poida acollerse á avaliación continua será avaliado da totalidade dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e do resto das actividades prácticas (seminario, resolución de problemas de forma autónoma e traballo tutelado), que suporán en conxunto un 30% da nota. A totalidade destas probas, no caso de que así o requiran, deberán estar asignadas, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial e entregaranse non máis aló da data de realización do mesmo en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 64.g), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como en cada unha das probas que conforman a parte práctica. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e será cualificada cun cero calquera proba ou exame na que se "copie no sustancial

obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aviles, J.; Egido, A. y Mateos, A., **Historia Contemporánea de España desde 1923. Dictadura y democracia.**, Ed. Centro de Estudios Ramón Areces, 2011

Buldain Jaca, B. (dir.), **Historia Contemporánea de España (1808-1923)**, Akal, 2011

Canal, J. (dir), **Historia Contemporánea de España. 2 vols.**, Taurus, 2017

Bibliografía Complementaria

VV.AA., **Historia de España (vols. 6 a 12)**, Marcial Pons, 2006-2014

Paredes, J. (coord.), **La España contemporánea**, Ariel, 2010

Guerrero, A.; Rueda, G. y Pérez garzón, J. S., **Historia política, 1808-1874**, Ediciones Itsmo, 2004

Avilés, J.; Sueiro, S. y Elizalde, M. D., **Historia política, 1875-1939**, Ediciones Itsmo, 2002

Marín, J. M.; Molinero, C. e Ysàs, P., **Historia política 1939-2000**, Ediciones Itsmo, 2001

Rueda Herranz, G., **España 1790-1900. Sociedad y condiciones económicas**, Ediciones Itsmo, 2006

Sánchez Marroyo, F., **La España del Siglo XX. Economía, demografía y sociedad**, Ediciones Itsmo, 2003

Artola, M., **La burguesía revolucionaria (1808-1874)**, Alianza Editorial, 2006

Martínez Cuadrado, M., **La burguesía conservadora (1874-1931)**, 1º, Alianza Editorial, 1974

Tusell, J., **Historia de España en el siglo XX.**, 1ª, Taurus, 1998

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes manteranse mediante a utilización combinada de MooVi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de MooVi.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en MooVi.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en MooVi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia da arte contemporánea**

Materia	Historia da arte contemporánea			
Código	002G251V01602			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Domínguez López, Ángel			
Profesorado	Domínguez López, Ángel			
Correo-e	adominguez@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia de Historia da Arte Contemporánea abarca temporalmente dende o derradeiro cuarto do século XVIII ata o momento actual. Arquitectura, escultura e pintura.			

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CG5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
CE28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte
CE34	Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte
CT2	Aplicación dos coñecementos
CT8	Compromiso ético e responsabilidade social
CT11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CT12	Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza
CT13	Iniciativa e espírito emprendedor
CT14	Motivación pola calidade
CT16	Coñecemento doutras culturas

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	CB2 CG5 CE28 CT2 CE34 CT11 CT14 CT16
Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado	CG5 CE34 CT8 CT11 CT14 CT16
Capacidade para a interpretación da obra de arte nos diferentes períodos de estudo dende unha perspectiva metodolóxica múltiple.	CG5 CE34 CT2 CT8 CT12 CT13 CT14

Contidos

Tema	
I.-ORIXES E FUNDAMENTOS DÁ ARTE NA IDADE CONTEMPORÁNEA. A ARTE DÁ ILUSTRACIÓN.	1. Neoclasicismo 2. Prerromantismo
II.- O SÉCULO XIX E OS MOVEMENTOS ARTÍSTICOS NO CAMBIO DE SÉCULO.	1.-Romantismo 2.- Realismo 3.- Revolución, renovación e decadentismo: do Impresionismo ao Postimpresionismo
III.- O SÉCULO XX. VANGARDAS HISTÓRICAS. A ARTE DESPOIS DE 1945.	1.- Vanguardas Históricas: primeiras vangardas e período de entreguerras 2.- As segundas vangardas. Arte de 1945 a 1970. 3.- A Posmodernidade e as tendencias máis actuais.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	24	30	54
Traballo tutelado	7	20	27
Eventos científicos	2	2	4
Resolución de problemas	6	10	16
Seminario	5	0	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12
Presentación	1	4	5
Observación sistemática	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia e toma de contacto co alumno.
Lección maxistral	Exposición e explicación dos contidos da materia por parte do profesor.
Traballo tutelado	Traballos sobre algún aspecto relacionado coa arte contemporánea.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas desde o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Resolución de problemas	Comentario de textos e/ou imaxes de obras de arte relacionadas coas diferentes tendencias da Arte Contemporánea.
Seminario	Seguimento do avance e resolución de problemas relacionados coa materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Traballarase co alumnado individualmente ou en grupo, sobre a realización de comentario de textos e/ou imaxes de obras de arte relacionadas coas diferentes tendencias da Arte Contemporánea. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Traballo tutelado	Traballarase cos alumnos individualmente ou en grupo, tanto as fontes necesarias para a realización dos seus traballos e os problemas teóricos ou prácticos que poidan xurdir. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Seminario	Traballarase cos alumnos individualmente ou en grupo, tanto as fontes necesarias para a realización dos seus traballos e os problemas teóricos ou prácticos que poidan xurdir. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Traballo monográfico sobre un artista ou movemento relacionados coa Arte Contemporánea. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia. Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	20	CB2 CG5 CE28 CT2 CE34 CT8 CT11 CT14 CT16
Resolución de problemas	Presentación e entrega de comentarios de texto e/ou imaxes de obras de arte relacionadas coas diferentes tendencias da Arte Contemporánea. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	20	CG5 CE28 CT2 CE34 CT11 CT14 CT16

Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba teórica consistente no desenvolvemento dun tema no que se deberán relacionar ideas de diferentes momentos ou tendencias da Arte Contemporánea. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 5 puntos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: O coñecemento da Historia da Arte Xeral como proceso complexo, aberto e discontinuo a partir da compartimentación do tempo histórico en diversos períodos. Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	20	CG5	CE28 CE34	CT2 CT11 CT13 CT14 CT16
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba consistente nun comentario breve de cinco obras de arte relacionadas co temario. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 5 puntos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: O coñecemento da Historia da Arte Xeral como proceso complexo, aberto e discontinuo a partir da compartimentación do tempo histórico en diversos períodos. Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	20	CG5	CE28 CE34	CT2 CT11 CT14 CT16
Presentación	Presentación dos resultados do traballo monográfico sobre un artista ou movemento relacionado coa Arte Contemporánea. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: O coñecemento da Historia da Arte Xeral como proceso complexo, aberto e discontinuo a partir da compartimentación do tempo histórico en diversos períodos. Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	10		CE34	CT2 CT8 CT12 CT13 CT14
Observación sistemática	Valoración do traballo autónomo do alumnado, a través da realización de cuestionarios sobre os contidos da materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia. Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	10	CB2 CG5	CE28 CE34	CT2 CT11 CT14 CT16

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que supoñerá o 70% da nota final, e un traballo obligatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ARIAS ANGLÉS, Enrique, **Del Neoclasicismo al Impresionismo. Historia del arte español 3**, Akal, 1999

GOMBRICH, Ernst, **La Historia del Arte**, Debate, 1997

ROSENBLUM, Robert / JANSON, H.W., **El arte del siglo XIX**, Akal, 1992

SCHAPIRO, Meyer, **El arte moderno**, Alianza, 1993

ANTIGÜEDAD DEL CASTILLO-OLIVARES, M^a Dolores et aliis, **el arte del siglo XIX**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2010

ARNALDO, Javier, **El movimiento romántico**, Historia 16, 1989

GARCÍA MELERO, José Enrique, **Historia del Arte Moderno. vol. IV. el arte del siglo XVIII**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2011

RODRÍGUEZ RUIZ, Delfín, **Barroco e Ilustración en Europa**, Historia 16, 1989

Bibliografía Complementaria

ARGAN, Giulio Carlo, **El arte moderno. Del Iluminismo a los movimientos contemporáneos**, Akal, 1991

BOZAL FERNANDEZ, Valeriano (Ed), **Historia de las ideas estéticas y de las teorías artísticas contemporáneas, Vol I y II**, Visor, 1996

CHIPP, Herschel B., **Teorías del arte contmporáneo. Fuentes artísticas y opiniones críticas**, Akal, 1995

CURTIS, William JR, **La Arquitectura Moderna desde 1900**, Hermann Blume, 1986

DAIX, Pierre, **Historia cultural del arte moderno. De David a Cézanne**, Cátedra, 2002

DAIX, Pierre, **Historia cultural del arte moderno. El siglo XX**, Cátedra, 2002

EISENMAN, Stephen F. (et al.), **Historia crítica del arte del siglo XIX**, Akal, 2001

FER, Briony / BATCHELOR, David / WOOD, Paul, **Realismo, Racionalismo, Surrealismo**, Akal, 1999

FOSTER, Hal / KRAUSS, Rosalind / BOIS, Yve-Alain / BUCHLOH, Benjamin H.D., **Arte desde 1900. Modernidad, antimodernidad, posmodernidad**, Akal, 2006

HAMILTON, George Heard, **Pintura y escultura en Europa 1880/1940**, Cátedra, 1989

HARRISON, Charles /FRASCINA, Francis / PERRY, Gill, **Primitivismo, Cubismo yAbstracción**, Akal, 1998

HEREU, Pere / MONTANER, Josep María / OLIVERAS, Jordi, **Textos de arquiteutura de la modernidad**, Nerea, 1994

HERNANDO, Javier, **Arquitectura en España 1770-1900**, Cátedra, 1989

HITCHCOCK, Henry Russell, **Arquitectura de los siglos XIX y XX**, Cátedra, 1985

HONOUR, Hugh, **Neoclasicismo**, Xarait, 1982

LUCIE-SMITH, Edward, **Movimientos artísticos desde 1945**, Destino, 1993

MARCHÁN FIZ, Simón, **Fin de siglo y los primeros (1890-1917)**, Espasa Calpe, 1994

MARCHÁN FIZ, Simón, **Las vanguardis históricas y sus sombras (1917-1930)**, Espasa Calpe, 1995

MARCHÁN FIZ, Simón, **Del arte objetual al arte concepto (1960-1974)**, Akal, 1986

MORALES YMARÍN, José Luis, **Pintura en España 1750-1808**, Cátedra, 1994

NOVOTNY, Fritz, **Pintura y escultura en Europa 1780-1880**, Cátedra, 2008

REYERO HERMOSILLA, Carlos / FREIXA, Mireia, **Pintura y escultura en España 1800-1910**, Cátedra, 2005

RODRIGUEZ LLERA, Ramón, **El arte enel siglo XX**, Creaciones Vincent Gabrielle, 2009

URRUTIA, Ángel, **Arquitectura española. Siglo XX**, Cátedra, 1997

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Arte: Arte clásica/O02G251V01203

Historia da arte medieval/O02G251V01404

Historia da arte moderna/O02G251V01502

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos da plataforma Moovi , polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos[]) manteranse mediante a utilización combinada de Moovi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de Moovi (foros, corrección comentada de tarefas) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de Moovi. Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en Moovi.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en Moovi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia moderna de España**

Materia	Historia moderna de España			
Código	O02G251V01603			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	López Díaz, María			
Profesorado	López Díaz, María			
Correo-e	marial@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento dos fundamentos básicos da civilización e sociedade españolas da Idade Moderna, nas súas vertentes política, económica, social e cultural; e a súa interrelación con outras civilizacións e sociedades europeas e ultramarinas			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
CG5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
CE12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
CE16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
CE19	Coñecemento da historia nacional propia
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT9	Traballo en equipo en diversos contextos
CT11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CT14	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica	CE16 CE19
Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada	CB1 CG3 CE16 CT11 CE19
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	CE12
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	CG3
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados na bibliografía específica	CB4 CG5 CT4 CT9 CT14

Contidos

Tema	
1. Bases estruturais	1.1. Demografía, poboación e sociedade na España do Antigo Réxime 1.2. Os sectores económicos da España do Antigo Réxime 1.3. O pensamento económico hispano: teoría e práctica nos séculos XVI-XVIII
2. Cultura e mentalidades	2.1. O problema do Renacemento español e a reforma católica 2.2. A cultura do Barroco e da Ilustración en España 2.3. Cultura popular e mentalidades na época das Luces

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	24	30	54
Obradoiro	5	12	17
Resolución de problemas	8	28	36
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	4	0	4
Exame de preguntas obxectivas	4	20	24
Práctica de laboratorio	2	6	8
Observación sistemática	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
